

V I G O**INFORME PROPOSTA**

Mediante Orde do día 14.03.2013, do Conselleiro da Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, aprobouse definitivamente a Modificación Puntual nº. 7 do PXOM de Vigo (Pontevedra), relativa á definición de aliñacións no camiño da Balsa (Matamá).

De conformidade co disposto no artigo 92.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA, no sucesivo), o acordo de aprobación definitiva do planeamento deberá publicarse, no prazo dun mes dende a súa adopción, no DOG e o documento que conteña a normativa e as ordenanzas, no BOP.

O día 02.04.2013 foi publicada no DOG nº. 63 (páx. 9603-9604), a nomeada Orde do Conselleiro da CMATI. Restaría unicamente por publicar, polo tanto, no BOP o contido substantivo desta modificación do PXOM, cuxo obxecto é o trazado de aliñacións no camiño da Balsa (Matamá) e afecta ás follas da cartografía do PXOM nº. 16-I e 16-J da serie 2, Ordenación. Por mor da modificación puntual operada, fíxanse aliñacións no camiño da Balsa (Matamá) para un vial de 6 metros de ancho, cun fondo de saco en forma de “martelo” definido por un cadrado de 10 m de lado, segundo a proposta formulada polos servizos técnicos municipais o 15.02.2012 que obra no expediente.

Segundo o previsto no artigo 124.1f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LRBRL, no sucesivo) correspondería ao Alcade – Presidente do Concello de Vigo a competencia para ordear a publicación dos acordos; competencia hoxe atribuída, no presente suposto, á Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo (Resolución do Alcalde do 08.02.2013)

Polo anteriormente exposto, propónse a adopción da seguinte RESOLUCIÓN,

Primeiro: En cumprimento do disposto nos artigos 92.2 da LOUGA e 70.2 da LRBRL, ordear a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do contido substantivo da Modificación Puntual nº. 7 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, concretado nas follas da cartografía do PXOM nº. 16-I e 16-J da serie 2, Ordenación.



Segundo: Precisar que, en virtude da nomeada Modificación Puntual, fíxanse aliñacións no camiño da Balsa (Matamá) para un vial de 6 metros de ancho, cun fondo de saco en forma de “martelo” definido por un cadrado de 10 m de lado, segundo a proposta formulada polos servizos técnicos municipais o 15.02.2012 que obra no expediente.

Terceiro: Remitir a presente Resolución á Excma. Deputación de Pontevedra (Servizo de Publicacións do BOP) xunto cos documentos descritos no apartado dispositivo primeiro da presente resolución.

Cuarto: Informar que o contido completo do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, aprobado de forma definitiva e parcial pola Orde da Conselleira da CPTOPT do 16.05.2008 e do Conselleiro da CMATI do 13.07.2009, de aprobación do documento de cumprimento da Orde do 16.05.2008, ao que se incorpora o contido desta modificación puntual nº. 7, está dispoñible e pode consultarse na sede electrónica do Concello de Vigo, no enderezo: <http://hoxe.vigo.org/urbanismo/pxom>.

Quinto: Contra esta Resolución caberá interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes perante o mesmo órgano que a ditou ou, directa e alternativamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses; prazos que se contarán a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Non obstante, o órgano competente decidirá co seu superior criterio o que estime convinte.





Vigo, a 2 de abril de 2013.—A Técnica de Admón. Xeral, Lorena López Rodríguez.—Conforme: O Xefe de Desenvolvemento Urbanístico, Antonio Alonso Fernández.

Conforme: Resolvo de acordo coa proposta formulada.

Vigo, a 2 de abril de 2013.—A Vicepresidenta da XMU (Resolución do 08.02.2013), M^a. del Carmen Silva Rego.—Dou fé: O Secretario da XMU, José Riesgo Boluda. **2013003431**

* * *

NIGRÁN

ANUNCIO DO CONCELLO DE NIGRAN SOBRE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE ZONAS VERDES

1.—ENTIDADE ADXUDICADORA

- a) Organismo: Concello de Nigrán (Pontevedra).
- b) Dependencia que tramita o expediente: Departamento de Contratación.
- c) Número de expediente: 2013/021C

2.—OBXECTO DO CONTRATO

- a) Descrición do obxecto: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE ZONAS VERDES.
- d) Prazo de execución (meses): 12 meses (a partir do 01/07/2013 ou da sinatura do contrato)

3.—TRAMITACIÓN, PROCEDIMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

- a) Tramitación: Ordinaria
- b) Procedemento: Aberto.
- c) Forma: Concurso.

4.—PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN. IMPORTE TOTAL (EUROS)

- 1. Prezo sen IVE: 155.371,90 Euros.
- 2. Importe IVE: 32.628,10
- 3. Prezo total (IVE incluído): 188.000,00 Euros.

5.—OBTENCIÓN DE DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN

- a) Entidade: Concello de Nigrán.
- b) Enderezo: Praza da Constitución n°1
- c) Localidade e código postal: Nigrán 36350
- d) Teléfono: 986 365 000
- e) Telefax: 986 383 943
- f) Data límite de obtención de documentos e información: A do fin do prazo de presentación de ofertas.

6.—REQUISITOS ESPECÍFICOS DO CONTRATISTA

- a) Clasificación: Grupo O. Subgrupo 6. Categoría B.